

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Rexime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por recollida de lixo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo no artigo 57 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de Recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbáns de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.-A tal efecto considérase lixo domiciliar e residuos sólidos urbáns, os restos e desperdicios de alimentación de detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou na que a recollida esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita á Taxa a presentación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios e urbáns de industrias, hospitais e laboratorios.*
- b) Recollida de escorias e cenizas de calefaccións centrais*
- c) Recollida de escombros de obras*

Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, plazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2.- Terá a consideración de xuxeito pasivo sustituto do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e los síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da citada Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- EXENCIONS

Cozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que fosen declarados pobres por precepto legal, estén inscritos no Padrón de Beneficiencia como pobres de solemnidade, ou obteñan ingresos anuais inferiores aos que corresponden ó salario mínimo interprofesional.

Artigo 6.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza ou destino dos inmobles e da categoría, no seu caso, do lugar, plaza, rúa ou vía pública onde estén ubicados.

2.- A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS

Vivendas
Locais Comerciais e similares

IMPORTE ANUAL (Euros)

84,00 €
120,00 €

Artigo 7.- DEVENGO

1.- *Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas o lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos de Taxa.*

2.- *Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cuotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da Taxa se producise con posterioridade a devandita data; neste caso a primeira cuota devengarase o primeiro día do trimestre seguinte.*

Artigo 8.- DECLARACIÓN E INGRESO

1.- *Dentro dos 30 días hábiles seguintes á data no que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta e ingresando, simultaneamente, a cuota do primeiro trimestre.*

2.- *Cando se coñeza, xa sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta, as modificacións correspondentes que surtirán efectos a partires do período de cobranza ó da data na que se efectuase a declaración.*

3.- *O cobro das cuotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da conseguinte matrícula.*

Artigo 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, na que a redacción definitiva aprobouse polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 31 de Outubro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires dese intre, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, consonte ó artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que estableza a normativa reguladora da devandita xurisdicción.